



BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE CINCO POSTOS DE TRABAJO DE PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **CINCO postos de traballo de peón de limpeza de praias** do Concello de Cabana de Bergantiños para o programa de limpeza de praias marítimas 2024.

2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN

Os contratos laborais que se realizarán cas persoas seleccionadas, será de duración determinada a xornada parcial e por un período de 89 días, baixo a modalidade de contrato por circunstancias da produción relativas a situacións ocasionais previsibles e de duración reducida e delimitada (**modelo 502 SEPE**), segundo o artigo 15 Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (TRET), lexislación que lle será aplicable sen perxuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente a administración local.

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO

- Número de postos de traballo: 5.
- Clase: persoal laboral temporal a xornada parcial: 25 horas semanais
- Nivel de titulación mínimo esixido: Sen requisito de titulación.
- Denominación do posto: Peón de limpeza de praias
- Funcións: Limpeza e mantemento de praias marítimas, e vías públicas, camiños, roteiros, espazos libres, sistemas locais lindantes. Calquera outra que lle sexa encomendada relacionada co posto.
- Retribucións brutas: salario base 826,88 € (708,75 € en concepto de soldo e 118,13€ en concepto de prorrata de paga extraordinaria)
- Duración: 89 días.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a. Ser español ou española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou cónxuxe dun ou dunha español ou nacional de algún estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. Demais estranxeiros ou estranxeiras residentes legalmente en territorio español de acordo ó establecido na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.

- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ó posto de traballo.
- c. Ter cumpridos os dezaioito (18) anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e. Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- f. Estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (Celga 2) ou equivalente, ou superar as probas de coñecemento descritas na base 7.B).
- g. Ter abonado a taxa pola expedición de documentos administrativos, 3,00 €. O impreso de autoliquidación da devandita taxa deberá solicitarse por vía telefónica, correo electrónico, ou ben, a través da sede electrónica do Concello. O pago poderá realizarse levando o impreso facilitado a calquera sucursal de ABANCA e efectuando o pago no mostrador ou no caixeiro, ou a través do enlace da páxina do Concello (www.concello-cabana.es) XESTIÓN-PAGO EN LIÑA. Excepcionalmente, se permitirá o pago nas oficinas municipais, A falta de presentación da taxa ou do documento acreditativo será causa de exclusión. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en **3 euros**, e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é únicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e de medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba a realizar. Para a súa valoración o Tribunal poderá pedir a documentación acreditativa do grao de discapacidade e as solicitudes serán resoltas polo Alcalde.



5.- PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://sede.cabana.gal>), sen prexuízo de que se proceda a súa difusión por outros medios.

Todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicadas a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.cabana.gal>

6.CONVOCATORIA E INSTANCIAS

1.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello (dirección:A Carballa s/n, Cesullas, 15115 Cabana de Bergantiños) ou a través de sede electrónica no prazo de **4 días hábiles**, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Cabana de Bergantiños nin en sede electrónica (correos, outro rexistro) deberá remitir ao fax do concello 981754020, ou ben por correo electrónico (cabana@cabana.gal), **UNHA COPIA DA SOLICITUDE (ANEXO I)**, antes da data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

Na data de presentación de solicitudes, os e as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que figuren na solicitude e unicamente poderán modificalos no prazo de presentación de instancias.

As instancias dirixiranse ao alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños e deberá ir inexcusablemente acompañada da seguinte documentación en orixinal, fotocopia ou copia electrónica debidamente autenticada:

- a) Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.
- b) De ser o caso, certificación da condición de discapacitado e grao de minusvalía.
- c) Certificación de aptitude do Celga 2 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- d) Ter aboado a taxa pola expedición de documentos administrativos,



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

e) Solicitude de adaptación das probas por motivos de minusvalía.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista** provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica (<https://sede.cabana.gal>). Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **1 día hábil** contado a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios da sede do concello (<https://sede.cabana.gal>) no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 4.e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Todos os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto nos artigos citados.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos DOUS dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e da Secretaria.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as gratificacións correspondentes segundo o disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, cando as probas se desenvolvan íntegramente fóra da xornada de traballo habitual.

8.- SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O procedemento empregado para a selección dos e das candidatos/as, será o de oposición, consistente en:

Fase de oposición: (Puntuación máxima: 10 puntos):

Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica determinada polo Tribunal de selección, de duración máxima de dez minutos, que estará relacionada co posto de traballo a cubrir e funcións a desenvolver, concretamente co manexo de utensilios e maquinaria de limpeza e medidas de seguridade.

Proba de coñecemento da lingua galega:

Para o caso de non acreditar estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (Celga 2) ou equivalente, as/os participantes deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, someténdose á proba ou probas que consideren máis axeitadas. Este exercicio poderase realizar no mesmo día de realización da proba práctica, e puntuarase como apto ou non apto. As persoas que acaden a puntuación de non apto, serán excluídos.

Este exercicio consistirá nunha proba tipo test de 10 preguntas, con DOUS posibles solucións, no que haberá unha única resposta correcta. Puntuaranse as respostas correctas con 1 punto e non restarán as respostas incorrectas. Considerarase aprobada esta proba cando o aspirante acade un mínimo de 5 puntos.

9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO

Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no exercicio práctico, detallando a puntuación obtida en orde decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a de máis longa duración como desempregado.

A resolución nomeando aos candidatos e candidatas seleccionados será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Concederase un prazo de dos días hábiles dende a resolución de nomeamento para que os candidatos presenten:

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- Informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- Copia co número de afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.

En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algunha.

10.FORMACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN

Durante a presente anualidade, no caso de que por algunha circunstancia o servizo non estivera cuberto, o Concello poderá utilizar unha lista de substitución cos aspirantes aprobados, que non teñan renunciado ó contrato, segundo os apartados anteriores, e o orde será segundo a puntuación obtida, para contratacións laborais temporais de acordo coas seguintes normas:

a) Os chamamentos aos/ás aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregada/o público/a que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

b) Situación na lista de substitución.

Os/as integrantes da lista de substitución que, sendo convocados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentaran ou renunciaran a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos/as da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

traballo. Se a causa é xustificada, pasarán a ocupar o derradeiro posto na lista de substitución.

c) Nomeamentos e cesamentos.

Unha vez comparecera o/a aspirante chamado/a segundo a orde da lista de substitución, o Sr. Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

d) Extinción da lista de substitución.

A lista de substitución formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase en todo caso o 31/12/2024.

11. NORMATIVA APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

- Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)
- Texto Refundido da Lei do estatuto básico dos traballadores.(RDL 2/2015)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.

En Cabana de Bergatiños, coa data da sinatura dixital.